



Astº: Certificado do decreto da Presidencia de aprobación
Refº: Liquidación do Orzamento de 2008

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que, o día vinte e sete de febreiro de dous mil nove (27.02.2009), a lltma. Presidencia desta Entidade, adoptou a resolución contida no decreto que de seguido se transcribe:

<<Sendo presidente do Consorcio >>... <<a citada Autoridade, dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente tramitado para a aprobación da Liquidación do Orzamento de 2008 incoado mediante resolución desta Presidencia do día 23 de febreiro de 2009.

CONSIDERANDO, que do informe da Secretaría emitido nesa mesma data, se desprende que en atención ao disposto polos arts. 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e, 90.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril que a desenvolve parcialmente, así como en relación co parágrafo 20 do art. 14º dos Estatutos do Consorcio, corresponde á Presidencia a aprobación da Liquidación do Orzamento da Entidade.

RESULTANDO, que de conformidade co disposto polo citado apartado 3 do artigo 191 do citado Texto refundido, está emitido na data do presente, o preceptivo e previo informe da Intervención, onde se analizan os extremos que á vista da Liquidación practicada se deducen.

RESULTANDO, que así mesmo, e en atención ao establecido polo Regulamento Xeral da Lei de Estabilidade Orzamentaria, consta así mesmo, engadido ao expediente, o preceptivo informe da Intervención sobre canto se deduce da dita liquidación en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

RESULTANDO, que por mor da consideración deste Consorcio como unha unidade institucional pública de non mercado adscrita sectorialmente á Excm. Deputación Provincial da Coruña, aos efectos do disposto na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, e Regulamento citado que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, e demais de concordancia, deberá remitirse á Entidade provincial a liquidación practicada ao Orzamento de 2008, a fin da consolidación que proceda.

RESULTANDO, que constan cantos documentos, antecedentes e informes son precisos para que a Presidencia poida adoptar a resolución que legalmente ten atribuída aos efectos de dita Liquidación.

VISTOS, en consecuencia, os antecedentes, disposicións legais e regulamentaria de aplicación, así como a documentación e os informes citados, no uso da atribución conferida polo citado apartado 3 do artigo 191 do devandito Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, mediante o presente,

R E S O L V O :

1º Aprobar o expediente e documentación que o integra, referente á Liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, correspondente ao exercicio de 2008 e consecuentemente, aprobar a Liquidación practicada ao referido Orzamento de 2008.

2º Declarar, así mesmo, que segundo se desprende desa Liquidación resulta:

- ✓ Un **Remanente de Tesourería total** por importe de **1.934.946,30€**,
- ✓ Un **exceso de financiamento afectado** (Gastos con Financiamento Afectado) por importe de **137.346,01€**, e
- ✓ Un **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais** por importe de **1.797.600,29€**

podendo servir, a última das magnitudes citadas, para o autofinanciamento, en caso de necesidade,



mediante a súa incorporación nas modificacións de crédito correspondentes ou ben para cambios de financiamento ou diminución das achegas das Entidades consorciadas, no presente exercicio de 2009.

4º Declarar, tamén, que dos documentos que forman parte da Liquidación aprobada, se desprenden, entre outras, as magnitudes seguintes a 31 de decembro de 2008:

Dereitos pendentes de Cobro Orzamento corrente de 2008, orzamentarios	0,00
Acredores Pendentes de Pago Orzamento corrente de 2008, orzamentarios	724.643,72
Fondos Líquidos en Tesourería a 31.12.2008.....	2.720.756,27
Dereitos pendentes de Cobro de Orzamentos pechados.....	0,00
Acredores pendentes de Pago Orzamentos pechados.....	0,00

5º Declarar, que existen uns dereitos recoñecidos netos, totais, en favor do Consorcio, por importe de 8.059.356,08€ e, unhas obrigas recoñecidas netas a cargo do Consorcio, por importe de 8.457.360,96€, ambos, de carácter orzamentario contía na que está incluídas as modificacións de crédito realizadas durante o exercicio (de incorporación de remanentes de crédito e financiadas co remanente de tersouerería para gastos xerais), o que da, un resultado orzamentario axustado, de carácter positivo, polo importe de 322.969,77€. E, así mesmo, que existen ingresos realizados pendentes de aplicación a 31.12.2008 procedentes de 2005 e 2006, tal e coma se explica nas liquidacións orzamentarias deses exercicios.

6º Declarar, así mesmo, que existen uns dereitos recoñecidos netos, totais, en favor do Consorcio, por importe de 8.059.356,08€ e, unhas obrigas recoñecidas netas a cargo do Consorcio, por importe de 8.457.360,96€, ambos, de carácter orzamentario contía na que está incluídas as modificacións de crédito realizadas durante o exercicio (de incorporación de remanentes de crédito e financiadas co remanente de tersouerería para gastos xerais), o que da, un resultado orzamentario axustado, de carácter positivo, polo importe de 322.969,77€.

7º De conformidade co disposto polo apartado 4 do art. 193 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, da presente aprobación e do propio expediente da que trae causa, darase conta ao Pleno do Consorcio na vindeira sesión que este celebre.

8º Que a salvo do que en todo caso poida establecer o órgano correspondente do Ministerio de Economía e Facenda, do informe da Intervención respecto do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, dedúcese que esta Entidade non se atopa en desequilibrio orzamentario e necesidade de financiamento aos efectos da Lei e regulamento de Estabilidade, logo de se ter en conta as modificacións de crédito producidas no exercicio financiadas con recursos propios do Consorcio xa recadados en exercicios anteriores e non acudindo a fontes de pasivos financeiros externos como a apelación á débeda do Capítulo IX do estado de ingresos..

8º Remitir copias da liquidación practicada as Administracións públicas que corresponda, en especial á Excm. Deputación provincial da Coruña e á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais aos efectos do cumprimento do disposto no Regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria o do propio texto refundido desta Lei.

9º Emitir certificación do presente para a súa unión co expediente de orixe.

Rematado (...)>>

E para que así conste e na unión co expediente de referencia xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do lltmo. Sr. Presidente, en Carballo, a vinte e sete de febreiro de dous mil nove.

V.ºe Pr.
O presidente,



Asdo.: José Federico Nogueira Fernández

Astº.: Certificado toma razón polo Pleno
Refº.: Liquidación do Orzamentode 2008

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do borrador da Acta ó que expresamente me remito, resulta que o día tres de marzo de dous mil nove (03.03.2009) reuniuse o Pleno deste Consorcio nunha sesión extraordinaria, na que, entre outros, adoptouse o acordo que a continuación queda transcrito:

<<6º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Tratouse unicamente o seguinte:

6º.1. Toma de coñecementoda aprobación da Liquidación do Orzamentode 2008.-

En cumprimento do establecido polo art. 193.4 da Lei reguladora das facendas locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dáse conta da aprobación da Liquidación do Orzamento de 2008, cuxo expediente xunto coa propia liquidación áchase sobre a mesa a disposición dos presentes e que contén, ademais dos propios documentos contables esixidos legal e regulamentariamente, os seguintes do expediente citado:

- ✓ Resolución da Presidencia de inicio do expediente, de 23 de febreiro de 2009.
- ✓ Informe de Secretaría de 23 de febreiro de 2009.
- ✓ Informe de Intervención de 25 de febreiro de 2009.
- ✓ Informe de Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de 26 de febreiro de 2009.
- ✓ Certificado do decreto de aprobación do expediente adoptado o día 27 de febreiro de 2009.

Os membros do pleno, manifestaron quedar informados.

E para que así conste e na unión co expediente de referencia xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, con advertencia expresa da excepción que sobre a aprobación da acta da sesión ao principio sinalada realiza o art. 206 do Regulamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e de orde e co visto e prace do lltmo. Sr. Presidente, en Carballo a catro de marzo de dous mil nove.

V.ºe pr.
O presidente,

Asdo.: José Federico Nogueira Fernández